SUSANA RODRIGUEZ RODRIGUEZ (1 para 1)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 24/11/2026
HASH: a2612ae3dbf1553b85bf8906c5122542

BASES DO CONCURSO DE ILUMINACIÓN E DECORACIÓN DE NADAL DO CONCELLO DE COLES

1. Obxecto

O Concello de Coles convoca as presentes bases do **Concurso de Iluminación e Decoración de Nadal a fogares e espazos comuns** co obxectivo de fomentar o espírito de Nadal, impulsar e promover a creatividade e a participación veciñal, contribuíndo ó embelecemento e dinamización do concello durante estas datas.

2. Participantes

O concurso limítase ó Concello de Coles, e está dirixido ás persoas empadroadas.

A participación é gratuíta e implica a aceptación íntegra destas bases.

3. Modalidade

Establécense as seguintes categorías de participación:

Categoría A: Vivendas Particulares

Decoración e iluminación de vivendas visibles dende a vía pública.

Categoría B: Espazos comúns

Decoración e iluminación conxunta dos núcleos de poboación ou “zonas” compartidas, realizada de maneira colectiva.

4. Inscrición

As persoas interesadas deberán inscribirse nas oficinas municipais ou, ben de forma telemática a través do correo electrónico do Concello ana@concellodecoles.org, indicando:

1. Nome e apelidos.
3. Enderezo completo.
4. Teléfono de contacto.
5. Fotografía da decoración, que servirá como apoio visual para o xurado.

O prazo de inscrición estará aberto **ata o día 22 de decembro de 2026**.

Cod. Validación: 73MM7546PHZ26W69RAXZ23ACQ
Corrección: https://concellodecoles.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

5. Visita e valoración

O Concello organizará as **visitas do xurado** entre os días **26 e 30 de decembro** de 2026

O xurado valorará tanto as fotografías enviadas como a visita presencial.

O Concello poderá difundir imaxes das decoracións nos seus medios de comunicación e redes sociais con finalidade *exclusivamente divulgativa e promocional.*

6. Criterios de valoración

A puntuación máxima será de 100 puntos, distribuídos da seguinte maneira:

- Creatividade da decoración (15 puntos).
- Orixinalidade da decoración (15 puntos).
- Estética e harmonía do conxunto (15 puntos).
- Iluminación e visibilidade dende o exterior (15 puntos).
- Emprego de materiais reciclados ou sostibles (20 puntos).
- Adornos feitos a man (20 puntos).

O xurado poderá declarar algunhas categorías ou premios desertos se así o estima.

7. Premios

Establécense os seguintes premios.

Categoría A – Vivendas particulares

- **1º Premio:** produtos locais + diploma.
- **2º Premio:** produtos locais + diploma.
- **3º Premio:** produtos locais + diploma.

Categoría B – Núcleos ou espazos

- **1º Premio:** produtos locais + diploma.
- **2º Premio:** produtos locais + diploma.
- **3º Premio:** produtos locais + diploma.

O Concello poderá conceder **mencións especiais** se o considera oportuno.

Calquera circunstancia non recollida nas bases será resolta pola organización

Cod. Validación: 73MM7546PHZ26W69RAXZZ3ACQ
Corrección: https://concellodecoles.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

8. Xurado

O xurado será designado polo Concello de Coles e estará composto por representantes municipais e persoas vinculadas ós ámbitos da cultura, do deseño, da educación ou do tecido asociativo local

As súas decisións serán **inapelables**.

9. Fallo e entrega de premios

O fallo do xurado farase público a través dos medios de comunicación municipais e a entrega de premios realizarase nun acto institucional no Concello o día 10 de xaneiro de 2027.

10. Aceptación das bases

A participación implica a aceptación íntegra destas bases e a autorización para o uso das imaxes das decoracións en soportes de difusión municipal.

Os datos persoais serán tratados exclusivamente para a xestión do concurso, conforme á normativa vixente en materia de protección de datos (Regulamento (UE) 2016/679 e Lei Orgánica 3/2018).

Cod. Validación: 73MM7546PHZ26W69RAXZZ3ACQ
Corrección: https://concellodecoles.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3